



ALZAR A VOZ, TOMAR A PALABRA
ASINAMOS POLA RECUPERACIÓN DE DEREITOS E A
MELLORA EFECTIVA DAS NOSAS CONDICIÓN DE TRABAJO

Como docentes levamos anos cun claro deterioro no desempeño do noso traballo, un tempo no que reivindicamos recuperar o que nos arrebataron (os horarios lectivos), dar marcha atrás na deriva na xestión da Consellaría (carga burocrática) e avanzar en melloras no día a día das nosas aulas (redución de ratios e melloras na atención á diversidade).

O acordo asinado polo presidente Rueda e unha minoría sindical en outubro de 2023 foi unha ocasión perdida para dar resposta a esas xustas demandas. A contestación sindical e do profesorado ao longo do pasado trimestre, con actos de protestas, folgas e manifestacións deron boa mostra do profundo descontento dun persoal docente que reclama recoñecemento e dignificación profesional.

Fronte ao desprezo e desconsideración do conselleiro de Educación e o propio presidente da Xunta e ao papel inexplicábel dos sindicatos que asumiron as renuncias que implica o acordo, **as e os docentes que asinamos este escrito declaramos:**

- **Asumimos como un punto de encontro** para chegar a un acordo de melloras reais das nosas condicións de traballo **os catro puntos básicos** que forman parte da táboa reivindicativa dos sindicatos CIG-ENSINO, STEG e CSIF-ENSINO e que centraron as mobilizacións dos pasados meses.
 - recuperación das 21 (infantil e primaria) e 18 sesións lectivas (demais ensinanzas) en dous prazos (curso 2024-25 e 2025-26).
 - redución das ratios en todas as ensinanzas comezando xa en todas elas no curso 2024-25
 - eliminación da burocracia absurda e aplicación de medidas concretas contra a burocracia (liberación horaria para a xestión e coordinación didáctica e máis persoal administrativo)
 - reparto lineal entre todo o profesorado das subas retributivas pactadas.
- Malia fixarmos o obxectivo nestas melloras **non deixamos de lado outras cuestións** que na propia negociación foron propostas e que mellorarían á atención á diversidade (ratios de orientación, ampliación da redución de ratios considerando a todo o alumnado con necesidade específica de apoio educativo) e o noso día a día nas aulas (equiparación de horarios dun máximo de 50 minutos por sesión...) e urximos a negociarlas.
- **Facemos un chamamento ao futuro goberno da Xunta** a asumir a vontade maioritaria do profesorado galego, abrindo unha nova negociación que, sen poñer en cuestión as escasas melloras incorporadas no pacto, impliquen a superación dese acordo e a asunción das cuestións fundamentais arriba citadas.

CENTRO:

nome	apelidos	NIF	sinatura

